

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN DA OBRA "ACTUACIÓNS DE REPARACIÓNS E PINTADO EXTERIOR DOS EDIFICIOS DO "CENTRO DE SERVIZOS E APOIO EMPRESARIAL" E DO "VIVEIRO DE EMPRESAS" DO POLÍGONO DE BARRO"

Exp. núm.: 2024027810

A presente Memoria emítese en referencia e complemento ao establecido na providencia da Vicepresidenta, que consta no expediente, con (CSV) loOPF1UL1V9FR1Yo.

1. Servizo solicitante:

Servizo de Cooperación cos Municipios

2. Necesidade e idoneidade do contrato:

A idoneidade desta contratación fundaméntase na Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalación.

A Deputación de Pontevedra puxo en marcha en 2016 o Viveiro de empresas do polígono de Barro coa finalidade de facilitar o desenvolvemento de iniciativas económicas de interese para a provincia nun contorno económico e empresarial complexo que demanda proxectos empresariais creativos, innovadores e sólidos. É unha estrutura de acollida temporal de empresas dirixida a encamiñalas nos seus primeiros pasos no mercado, prestarlles servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto empresarial e favorecer a colaboración entre elas.

Na actualidade, os exteriores das edificacións presentan deterioros do paso dos anos e para a súa correcta conservación e mantemento, a Deputación de Pontevedra ten a necesidade de acometer actuacións de reparacións e pintado exterior dos referidos edificios

A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que ten que acudir a contratación externa.

3. Obxecto do contrato:

Réxime xurídico:	Lei 9/2021 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público <input checked="" type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO <input type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO ESPECIAL <input type="checkbox"/> PRIVADO
Tipo:	<input checked="" type="checkbox"/> OBRA <input type="checkbox"/> SERVIZO <input type="checkbox"/> SUBMINISTRACIÓN <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE OBRAS <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE SERVIZOS <input type="checkbox"/> MIXTO
Regulación harmonizada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Obxecto e contido:	Execución do proxecto de obras para a "Actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas" do polígono de Barro"



CPV:	45000000-7 Traballos de construción. 45262650-2 Traballos de revestimento de fachadas 45442100-8 Traballos de pintura 45442110-1 Traballos de pintura de edificios 45442180-2 Traballos de renovación de pintura 45443000-4 Traballos de fachada 45450000-6 Outros traballos de acabado de edificios	
Lotes:	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes: -
	<input checked="" type="checkbox"/> NON	<u>Xustificación:</u> non é factible a división en lotes da obra para a súa execución por unha pluralidade de contratistas independentes xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico ao ser necesario coordinar a execución de todas as unidades de obra, considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.
Admisión de variantes:	<input type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego. <input checked="" type="checkbox"/> NON	

4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN PRAZO DE DURACIÓN

DOUS (2) MESES a contar dende formalización da acta de comprobación de replanteo, sempre que se aprobara o Plan de seguridade e saúde e o plan de xestión de residuos, tal como se establece na cláusula 21 do PCAP.

Prórroga/s: SI NON Número: Duración:

5. Orzamento base de licitación:

(límite máximo de gasto, incluído IVE):

39.814,87 €

6. Valor estimado:

(importe total, sen IVE, estimado como pagadoiro)

Todos os conceptos que o integran atópanse recollidos no proxecto



Valor estimado	32.904,85 €
----------------	-------------

7. Prezo:

a. Sistema de determinación:

- PREZOS UNITARIOS PREZO A TANTO ALZADO PREZOS PROVISIONAIS

b. Revisión:

- SI NON

c. Pago:

- TOTAL PARCIAL MEDIANTE ABONOS A CONTA NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS

8. Procedemento:

- a. Tramitación: ANTICIPADA ORDINARIA URXENTE* DE EMERXENCIA

* Nota importante: De conformidade co establecido no artigo 119 LCSP, no caso de tramitación urxente, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, coas salvidades sinaladas en dito artigo. O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

b. Órgano competente:

- PRESIDENTE*

*Competencia delegada na DEPUTADA DA ÁREA INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS, MOBILIDADE E CONTRATACIÓN (Resolución Presidencial núm. 2023006250, de 8 de agosto do 2023, de delegación das atribucións da Presidencia).

- PLENO.

c. Procedemento de adxudicación:

- ABERTO LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN
 ABERTO SIMPLIFICADO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE
 ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Art. 159.6 LCSP) DIÁLOGO COMPETITIVO
 RESTRINXIDO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

d. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optárase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o seguinte:

- Procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Suposto do artigo 167 LCSP.



- Concorrenca das condicións do artigo 159.1 LCSP. Suposto do artigo 168 LCSP.
 Concorrenca das condicións do artigo 159.6 LCSP. Suposto do artigo 177 LCSP.

Xustificación: Maior axilidade. Solicitado polo Servizo Xestor.

9. Criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira.

Clasificación: SI NON

Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica: SI NON

O artigo 77.1.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda e que será recollido nos pregos acreditará a súa solvencia económica e técnica podendo o empresario neste caso acreditar a solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo que corresponda (que a continuación se indica) ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos de solvencia que se detallan nos pregos.

A efectos de acreditar a solvencia mediante a clasificación do contratista, esta deberá ser a seguinte:

GRUPO C: (Edificacións), **SUBGRUPO 4.** (Albañilería, revocos e revestidos) **CATEGORÍA1:** contía inferior ou igual a 150.000 euros.

Non será exixible a clasificación ós empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, xa concorran ó contrato illadamente ou integrados nunha unión, sen prexuízo da obriga de acreditar a súa solvencia.

De non ter a clasificación, os medios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderanse realizar mediante a achega dos documentos que a Lei establece entre os previstos nos artigos 87 a 91 LCSP:

A) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un **volumen anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse, por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.



B) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

<input checked="" type="checkbox"/>	<p>Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).</p> <p>O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.</p>
-------------------------------------	---

Nota aclaratoria: Para o cómputo dos cinco últimos anos, considerarase como data de inicio ou "dies ad quo" o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

***Criterio de solvencia técnica ou profesional para as empresas de nova creación** (antigüidade inferior a cinco anos):

<input checked="" type="checkbox"/> SI	<p><u>Motivo:</u></p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Contrato de obras de valor estimado inferior a 500.000,00 euros. <input type="checkbox"/> Contrato de servizo/subministración non suxeito a regulación harmonizada.</p>
	<p><u>Determinación:</u></p> <p><u>Declaración indicando que conta entre os medios persoais mínimos para a adscribir o contrato:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 Xefe/a de obra coa titulación de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o, enxeñeira/o ou enxeñeira/o técnica/o ou equivalente. Deberá ter una experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

10. Medios que debe adscribir como mínimo:

Medios persoais

Declaración indicando que conta entre os medios persoais mínimos para adscribir o contrato:

- 1 Xefe/a de obra coa titulación de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o, enxeñeira/o ou enxeñeira/o técnica/o ou equivalente. Deberá ter una experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares

Xuntará a documentación acreditativa pertinente cando sexa requirida polos servizos dependentes do órgano de contratación



O artigo 58 da Directiva 2014/24/ UE ó regular os criterios de selección e referirse á solvencia técnica e profesional, establece que <os poderes adxudicadores poderán impoñer requisitos par asegurar que os operadores económicos posúan a experiencia e os recursos humanos e técnicos necesarios para executar o contrato cun nivel adecuado de calidade, que poderán exixir, en particular, que <os operadores económicos teñan un nivel suficiente de experiencia demostrada mediante referencias adecuadas de contratos executados no pasado>.

A exigencia de 1 Xefe/a de obra coa titulación de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o, enxeñeira/o ou enxeñeira/o técnica/o ou equivalente con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos cunha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares, como solvencia técnica, obedece a un requisito de idoneidade que debe posuir o contratista para atender o obxecto de contrato dunha forma adecuada. Entendemos que é razoable que aínda que sexa unha empresa de nova creación, o persoal responsable na execución das obras acredite unha titulación e experiencia mínima que demostre a pericia nunha actuación que require coñecementos técnicos especializados, e que unha execución defectuosa pode ter repercusión na seguridade viaria, incidindo na sinistralidade, e consecuencias económicas e de responsabilidade patrimonial para a Administración.

A esixencia no equipo técnico cunha experiencia mínima ven derivada da necesidade de garantía de éxito na prestación. As actuacións de mellora do firme teñen unha elevada repercusión na seguranza viaria e son clave para reducir a sinistralidade. Por este motivo, tecnicamente parece xustifico solicitar unha experiencia mínima.

11. Criterios de adxudicación do contrato:

a. Pluralidade de criterios:

SI: Mellor relación calidade-prezo SI: Mellor relación custe-eficacia NON

Co obxecto de promover a axilidade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, por incluír criterios avaliábles mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, xa sexan criterios cualitativos ou económicos.

Propóñense etiquetas polo servizo na providencia de inicio do expediente ó considerar que achegan maior calidade aos traballos e estar vinculados co obxecto do contrato.

ISO 9001

A exigencia dun sistema de calidade implementado xestionado adecuadamente, reforza a necesidade e expectativa da Deputación de que a empresa orienta todo o seu esforzo en presentar os produtos e un servizo de calidade que cumpran coas características e regulamentación establecida. En xestión de calidade axúdanos a reducir a improvisación, xa que esta ferramenta permite planificar e levar unha trazabilidade de todos os procesos da empresa na execución do contrato. Non só servirá para mellor planificación, senón tamén para establecer mecanismos para o seguimento, control e mellora continua de cada proceso. Dende a capacidade e calidade dos medios materiais, de produción, como instalacións de fabricación, equipos de extensión e compactación etc. Persoal e medios utilizados polo contratista para o control de calidade dos equipos. Redacción e implantación dun adecuado Plan de Aseguramento de Calidade, etc. DE tal maneira que po poda detectar calquera situación ou defectos na execución das obras, e que permita buscar unha solución de un modo máis eficaz.



ISO 14001

A exigencia desta etiqueta permitirá a verificación e auditoria dos aspectos medioambientais como son o cálculo da pegada de carbono e a verificación e control dos gases de efecto invernadero, ambos de aplicación na industria da construción. Por exemplo, en plantas de produción de cementos e na fabricación de mesturas asfálticas, nas súas diferentes variedades. Así como valorar as estratexias empresariais que poñan en marcha as empresas coa posta en marcha de proxectos específicos para a mellora medioambiental e a incorporación da circularidade na empresa construtora que repercuten na execución deste contrato.

b. Fórmula:

Establécese nos pregos.

c. Xustificación da fórmula:

A elección da fórmula ven motivada por considerar que garante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa tal e como se establece no artigo 1 LCSP. Esta fórmula incentiva ás empresas licitadoras a propor a mellor baixa posible, do prezo ofertado, para tentar que dita baixa sexa superior á baixa media de todas as presentadas (bm), establecendo para iso dous tramos (un para as baixas que son inferiores ou iguais á baixa media, e outro para as baixas superiores a dita baixa media) nos cales as elasticidades das puntuacións presentan diferentes comportamentos de forma gradual, obtendo unha maior puntuación e de forma progresiva aquelas baixas que son superiores á baixa media.

Valores anormais

Considérase que unicamente o criterio do prezo é o determinante para establecer o parámetro obxectivo que permita identificar o valor anormal da oferta, xa que o resto de criterios automáticos non teñen a incidencia suficiente para determinar a viabilidade da oferta, tal como se recolle na providencia de inicio.

d. Melloras: SI, estableceranse no prego. NON

12. Condicións especiais de execución:

Por mandato do artigo 70 da Directiva 2014/24, o art. 202 LCSP concede aos órganos de contratación a posibilidade de establecer, nos pregos, condicións de execución dos contratos de tipo social, ambiental e de innovación, establecendo a obriga de que en todos os pregos se inclúa polo menos unha.

Por este motivo, nas cláusulas particulares do prego estableceranse varias condicións especiais, que pretenden, entre outras cousas, preservar a linguaxe inclusiva, asegurar o pagamento ás empresas subcontratistas ou que as condicións de traballo se rexan polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente.

13. Outras indicacións:

a. Redacción dos pregos:



Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adxudicatario.

b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexeir o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, segundo corresponda, que en todo caso deberá respectar os seguintes prazos mínimos:

- PROCEDIMENTO ABERTO NON SARA:** 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, concesión de obras e concesión de servizos: 26 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTO ABERTO SARA:** En obras, subministracións e servizos, 35 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Dito prazo poderá reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, de conformidade co artigo 156.3.c) LCSP, dado que a presentación de ofertas se realiza por medios electrónicos.
En concesión de obras e concesión de servizos: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO:** 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6 LCSP):** 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado, 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO NON SARA:** 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.



- PROCEDIMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDIMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN NON SARA: 20 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación.
- PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE: Neste procedemento non se realizará anuncio de licitación previa. Os prazos mínimos para a presentación de ofertas serán de 10 días naturais, a contar desde o envío da invitación.

d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adxudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.
- Outros: VORTAL

Documento asinado electronicamente ao marxe